

ACTA NÚMERO: 05/2022

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 10 DE FEBREIRO DE 2022.

Na sala de xuntas do Pazo Provincial sendo as 10 horas e 30 minutos do día 10 de febreiro de 2022 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. José Luis Mato Rodríguez, Vicesecretario da Deputación
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- Dona Alma Pérez Aguiño, Administrativa do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Adxunto á Xefatura do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior do día 3 de febreiro de 2022 (Reunión 04/2022).*
2. *Corrección de erro na proposta de adjudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 0101 Postemirón-Acuña P.Q. 4+400 ao 4+940 (Concello de Vilaboa)". (Expte.- 2021042529).*
3. *Proposta de adjudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de explotación, mantemento e conservación das instalacións de abastecemento de auga potable e das de depuración do Polígono Industrial Outeda - Curro (Barro). (Expte.- 2021055522).*
4. *Proposta de adjudicación do procedemento aberto para a contratación do servizo de impartición de itinerarios formativos que inclúen formación correspondente a obtención de certificados de profesionalidade (3ª convocatoria) no marco do proxecto Labora 2020. (Expte. 2021045563)*
5. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión do Castelo de Sobroso. (Expte.- 2021036804).*
6. *Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión do Castelo de Sobroso. (Expte.- 2021036804).*
7. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión do programa "Depotermal 2022". (Expte.- 2021043124).*
8. *Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión do programa "Depotermal 2022". (Expte.- 2021043124).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do BNG, D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, Deputado do Grupo Provincial do PP, D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.



Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior do día 3 de febreiro de 2022 (Reunión 04/2022).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión correspondente o día, 3 de febreiro de 2022 (Reunión 04/2022).

2. Corrección de erro na proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 0101 Postemirón-Acuña P.Q. 4+400 ao 4+940 (Concello de Vilaboa)". (Expte.- 2021042529).

O Secretario informa que se detectou un erro aritmético na proposta realizada pola Mesa de Contratación na reunión de data 23 de decembro de 2021, en relación coa adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 0101 Postemirón-Acuña, P.Q. 4+400 ao 4+940 (Concello de Vilaboa)", polo que se propón corrixir este erro que non afecta o adxudicatario proposto pola Mesa, pero si a clasificación final das ofertas presentadas polas empresas admitidas neste procedemento aberto simplificado.

A Mesa de contratación acorda prestar conformidade a corrección de erro detectado na proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 0101 Postemirón-Acuña P.Q. 4+400 ao 4+940 (Concello de Vilaboa)" efectuada na reunión do día 23 de decembro de 2021, no sentido seguinte:

ONDE DI:

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na reunión de data 2 de setembro de 2021, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONÓMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "ÚNICO"
-------------	----------------------	-------------------	------------------	-------------------------	--------------------------





ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	35,06	5,00	5,00	5,00	50,06
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	31,13	5,00	5,00	5,00	46,13
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	9,69	5,00	5,00	5,00	24,69
NAROM, S.L.	34,01	5,00	5,00	5,00	49,01
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	35,63	5,00	5,00	0,00	45,63
OBRAS GALLAECIA, S.L.	16,51	5,00	5,00	5,00	31,51
ASFAGAL TECNICASVIARIAS, S.L.	37,39	5,00	5,00	0,00	47,39
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA	44,54	5,00	5,00	5,00	59,54
MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	34,79	5,00	5,00	5,00	49,79
VIAS E SERVICIOS COMPOSTELA, S.L.	33,25	5,00	5,00	0,00	43,25

(...)

- Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "Mellora da seguridade viaria na E.P. 0101 Postemirón-Acuña, P.Q. 4+400 ao 4+940 (Concello de Vilaboa)", que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE "ÚNICO"
1	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA	59,54
2	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	50,06
3	MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	49,79
4	NAROM, S.L.	49,01
5	ASFAGAL TECNICASVIARIAS, S.L.	47,39
6	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	46,13
7	CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	45,63
8	VIAS E SERVICIOS COMPOSTELA, S.L.	43,25
9	OBRAS GALLAECIA, S.L.	31,51



DEBE DICIR:

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na reunión de data 2 de setembro de 2021, procedeu á valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONÓMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "ÚNICO"
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	35,06	5,00	5,00	5,00	50,06
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	31,13	5,00	5,00	5,00	46,13
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	9,69	5,00	5,00	5,00	24,69
NAROM, S.L.	34,01	5,00	5,00	5,00	49,01
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	35,63	5,00	5,00	5,00	50,63
OBRAS GALLAECIA, S.L.	16,51	5,00	5,00	5,00	31,51
ASFAGAL TECNICASVIARIAS, S.L.	37,39	5,00	5,00	0,00	47,39
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA	44,54	5,00	5,00	5,00	59,54
MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	34,79	5,00	5,00	5,00	49,79
VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA, S.L.	33,25	5,00	5,00	0,00	43,25

(...)

2. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "Mellora da seguridade viaria na E.P. 0101 Postemirón-Acuña, P.Q. 4+400 ao 4+940 (Concello de Vilaboia)", que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE "ÚNICO"
1	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA	59,54
2	CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	50,63



POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE "ÚNICO"
3	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	50,06
4	MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	49,79
4	NAROM, S.L.	49,01
5	ASFAGAL TECNICASVIARIAS, S.L.	47,39
6	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	46,13
7	VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA, S.L.	43,25
8	OBRAS GALLAECIA, S.L.	31,51

3. Proposta de adjudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de explotación, mantemento e conservación das instalacións de abastecemento de auga potable e das de depuración do Polígono Industrial Outeda - Curro (Barro). (Expte.- 2021055522).

O Secretario informa que por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de data 23 de decembro de 2022 aprobouse o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de "Explotación, mantemento e conservación das instalacións de abastecemento de auga potable e das de depuración do Polígono Industrial Outeda - Curro (Barro)".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 28 de decembro de 2021. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 20 de xaneiro de 2022 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, sendo as empresas admitidas as seguintes:

- UTE INERPROMA MEDIOAMBIENTE SL- URIKER SL.
- HIDRANTIA, GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.L. (NIF: B-70.409.073)
- ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN DE PROYECTOS Y OBRAS, S.L. (NIF: B-70.248.869)
- PROYECON GALICIA,S.A. (NIF: A-32.032.039)
- TSWATER GLOBAL, S.L.U. (NIF: B-27.778.703)



Na mesma reunión a Mesa de Contratación tamén procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas que participan no procedemento aberto convocado para a contratación do devandito servizo. Os valores ofertados foron os seguintes:

EMPRESAS	Importe total anual ofertado EDAR + ETAP (sen IVE)
UTE INERPROMA MEDIOAMBIENTE SL- URIKER SL.	136.072,58 €
HIDRANTIA, GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.L. (NIF: B-70.409.073)	103.848,48 €
ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN DE PROYECTOS Y OBRAS, S.L. (NIF: B-70.248.869)	119.193,25 €
PROYECON GALICIA,S.A. (NIF: A-32.032.039)	131.885,00 €
TESWATER GLOBAL, S.L.U. (NIF: B-27.778.703)	142.800,00 €

A continuación procedeuse á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, HIDRANTIA, GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.L. (NIF: B-70.409.073), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contiñá valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito, a Mesa de Contratación facultou ó Secretario para que procedera a requirir á citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustificara a oferta e precisara as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispuxera para executar este contrato.

A empresa HIDRANTIA, GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.L. (NIF: B-70.409.073) presentou a xustificación da súa oferta no rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra dando traslado da mesma aos técnicos do Servizo de Asistencia Intermunicipal para que emitiran informe sobre a mesma.

Con data 3 de febreiro de 2022 emitiu informe a Enxeñeira de Camiños, Marta Fernández-Valdés Gomez indicando que a empresa HIDRANTIA, GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.L. non xustifica suficientemente a súa oferta económica anormalmente baixa nos termos expostos, e non debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación (CSV: W3G54BFZ2Z05PRDO).

Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados no sobre B de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas as puntuacións obtidas polas empresas admitidas foron as seguintes:

EMPRESAS	Total SOBRE B (criterios automáticos)	PUNTUACIONES TOTAIS
ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN DE PROYECTOS Y OBRAS, S.L. (NIF: B-70.248.869)	100,000	100,000



PROYECON GALICIA, S.A. (NIF: A-32.032.039)	69,965	69,965
UTE INERPROMA MEDIOAMBIENTE SL- URIKER SL.	59,244	59,244
TESWATER GLOBAL, S.L.U. (NIF: B-27.778.703)	41,803	41,803

A vista das puntuacións totais obtidas a Mesa de Contratación acorda:

- 1) Propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, a exclusión da oferta presentada pola empresa, HIDRANTIA, GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.L. (NIF: B-70.409.073), por ofertar valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel de prezos, e polo tanto se presúmese que non pode cumprir o contrato.
- 2) Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto convocado para contratación do servizo de explotación, mantemento e conservación das instalacións de abastecemento de auga potable e das de depuración do Polígono Industrial Outeda - Curro (Barro), que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	EMPRESAS	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN DE PROYECTOS Y OBRAS, S.L. (NIF: B-70.248.869)	100,000
2ª	PROYECON GALICIA, S.A. (NIF: A-32.032.039)	69,965
3ª	UTE INERPROMA MEDIOAMBIENTE SL- URIKER SL.	59,244
4ª	TESWATER GLOBAL, S.L.U. (NIF: B-27.778.703)	41,803

- 3) Propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación o procedemento aberto convocado para contratación do servizo de explotación, mantemento e conservación das instalacións de abastecemento de auga potable e das de depuración do Polígono Industrial Outeda - Curro (Barro), á empresa ORGANIZACIÓN Y GESTIÓN DE PROYECTOS Y OBRAS, S.L. (NIF: B-70.248.869).

4. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de impartición de itinerarios formativos que inclúen formación correspondente a obtención de certificados de profesionalidade (3ª convocatoria) no marco do proxecto Labora 2020. (Expte. 2021045563).

O Secretario informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 3 de decembro de 2021, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do Servizo de impartición de itinerarios formativos



que inclúen formación correspondente a obtención de certificados de profesionalidade (3ª convocatoria) no marco do proxecto Labora 2020. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 14 de decembro de 2021. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar ofertas, a Mesa de Contratación na reunión celebrada o día 30-12-2021 procedeu á apertura electrónica do sobre A correspondente a documentación administrativa presentada polas empresas licitadoras no citado procedemento aberto. Unha vez descargada a documentación administrativa, as empresas os diferentes lotes foron as seguintes:

Lote 1

- Profesionais da innovación, xestión empresarial e formación SL

Lote 2

Non se presentou ningunha empresa

Lote 3

- G12 Grupo empresarial de servicios SL
- Centro de formación ICA SL
- Fundación Laboral de la Construcción

Lote 4

- G12 Grupo empresarial de servicios SL
- Centro de formación ICA SL

Lote 5

- Magnafor Qualitas SL

Lote 6

- Be One Campolongo SL

Lote 7

- Big Formación SL

Lote 8

- Magnafor Qualitas SL

Lote 9

- G12 Grupo empresarial de servicios SL
- Centro de formación ICA SL



Lote 10

- G12 Grupo empresarial de servicios SL
- Centro de formación ICA SL

Lote 11

Non se presentou ningunha empresa

Lote 12

- Moba Skill Training SL
- Eurotec Inspección SLU

Lote 13

- G12 Grupo empresarial de servicios SL
- Centro de formación ICA SL
- Centros agrupados de formación empresarial SL (Lote 13)
- Formacomer Gadicom SL

A Mesa de Contratación na reunión do día 30 de decembro de 2021 tamén procedeu á apertura dos sobres “B”, documentación técnica, aportada polos licitadores ó procedemento convocado para a contratación do referido servizo, remitíndose dita documentación aos técnicos do Servizo de emprego para á súa valoración.

O Xefe dos Servizo de Emprego, D. Manuel Corujo Castro, con data 24 de xaneiro de 2022, emitiu informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores con (CSV) AJGPQ1FVGZDE8DFH figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

Nº de Lote	Empresas Licitadoras	1.- Proposta de seguimento e avaliación do itinerario formativo, ata un máximo de 16 puntos	2.-Planificación: Plan de traballo, ata un máximo de 16 puntos	3.- Medios e materiais didácticos, ata un máximo de 7 puntos	Total (Máximo 39 puntos)
1	PROFESIONAIS DA INNOVACIÓN XESTIÓN EMPRESARIAL E FORMACIÓN S.L. (PIXFOR)	9,5	10,5	4,0	24,0
2	DESERTO				
3	CENTRO FORMACIÓN ICA S.L.	6,5	6,5	0,5	13,5
	FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN	7,0	11,0	5,5	23,5
	G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS S.L.	14,0	14,0	6,0	34,0
4	CENTRO FORMACIÓN ICA S.L.	6,5	6,5	0,5	13,5
	G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS S.L.	14,0	14,0	6,0	34,0
5	MAGNAFOR QUALITAS S.L.	14,0	14,0	7,0	35,0
6	BE ONE CAMPOLONGO S.L.	8,0	12,0	3,5	23,5



Nº de Lote	Empresas Licitadoras	1.- Proposta de seguimento e avaliación do itinerario formativo, ata un máximo de 16 puntos	2.-Planificación: Plan de traballo, ata un máximo de 16 puntos	3.- Medios e materiais didácticos, ata un máximo de 7 puntos	Total (Máximo 39 puntos)
7	ACADEMIA TRINIDAD SL / BIG FORMACIÓN	8,0	12,0	3,5	23,5
8	MAGNAFOR QUALITAS S.L.	14,0	13,5	7,0	34,5
9	CENTRO FORMACIÓN ICA S.L.	6,5	6,5	0,5	13,5
	G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS S.L.	14,0	14,0	6,0	34,0
10	CENTRO FORMACIÓN ICA S.L.	6,5	6,5	0,5	13,5
	G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS S.L.	14,0	14,0	6,0	34,0
11	DESERTO				
12	EUROTEC INSPECCIÓN S.L.U.	2,5	5,0	1,5	9,0
	MOBA SKILL TRAINING S.L.	14,0	14,0	6,0	34,0
13	CENTROS AGRUPADOS DE FORMACIÓN S.L. (CENAFORM)	9,0	11,5	2,5	23,0
	CENTRO FORMACIÓN ICA S.L.	6,5	6,5	0,5	13,5
	FORMACOMER GADICOM SL (FORMACOM)	9,0	11,5	5,0	25,5
	G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS S.L.	14,0	14,0	6,0	34,0

A Mesa de contratación na reunión celebrada o día 28-01-2022 acordou aprobar as citadas valoracións e procedeu á descriptación e descarga da documentación presentada no sobre "C" das empresas que acadaron un mínimo do 50% da puntuación máxima asignable en función dos criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor (sobre B), informando que as ofertas presentadas polas empresas CENTRO FORMACIÓN ICA S.L., nos lotes 3, 4, 9, 10 e 13 e EUROTEC INSPECCIÓN S.L.U., no lote 12 non obtiveron dita puntuación mínima.

O valores ofertados foron os seguintes:

Lotes	Empresas	Prezo ofertado	Certificación calidade
Lote 1	Profesionais da innovación, xestión empresarial e formación SL	19.200,00 €	SI
Lote 3	G12 Grupo empresarial de servicios SL	16.283,30 €	SI
	Fundación Laboral de la Construcción	23.300,00 €	SI
Lote 4	G12 Grupo empresarial de servicios SL	19.750,50 €	SI
Lote 5	Magnafor Qualitas SL	23.075,48 €	SI
Lote 6	Be One Campolongo SL	31.999,00 €	SI
Lote 7	Academia Trinidad SL (Big Formación)	35.685,00 €	SI



Lote 8	Magnafor Qualitas SL	29.130,35 €	SI
Lote 9	G12 Grupo empresarial de servicios SL	15837,90 €	SI
Lote 10	G12 Grupo empresarial de servicios SL	15.785,50 €	SI
Lote 12	Moba Skill Training SL	24.477,10 €	SI
Lote 13	G12 Grupo empresarial de servicios SL	30.058,00 €	SI
	Centros agrupados de formación empresarial SL	39.291,00 €	SI
	Formacomer Gadicom SL	29.967,00 €	SI

A Mesa de Contratación na reunión do día 28 de xaneiro de 2022 acordou facultar ao Secretario para que, de resultar ofertas incursas en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, poidera realizar o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poideran presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

Unha vez efectuada á valoración das ofertas económicas detectouse que as ofertas presentadas polas empresas Formacomer Gadicom SL (Lote 13) e-G12 Grupo Empresarial de Servicios SL (Lotes 3,4,9,10 e 13), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contiñan valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado polo que se lles requeriu para que xustificasen a súa oferta.

As empresas Formacomer Gadicom SL (Lote 13) e-G12 Grupo Empresarial de Servicios SL (Lotes 3,4,9,10 e 13), presentaron a xustificación da súa oferta no prazo dando traslado da mesma ó Servizo de Promoción de Emprego, emitindo o Xefe do citado servizo, en data 8/02/2022, sendos informes recollendo nos mesmos que *“o prezo está xustificado pola descrición dos custos que interveñen na execución do contrato e as condicións favorables que dispoñen para a prestación do servizo obxecto do contrato.”*

Procédese de seguido a efectuar a ponderación dos valores ofertados no sobre C de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas das empresas admitidas sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

Lotes	Empresas	Puntuación sobre B (Máx 39 pts)	Puntuación prezo (Max 49 pts)	Puntuación certificado calidade (Max 12 pts)	Puntuación total
Lote 1	Profesionais da innovación, xestión empresarial e formación SL	24	0,287	12	36,287
Lote 3	G12 Grupo empresarial de servicios SL	34	49	12	95



	Fundación Laboral de la Construcción	23,5	3,754	12	39,254
Lote 4	G12 Grupo empresarial de servicios SL	34	49	12	95
Lote 5	Magnafor Qualitas SL	35	38,683	12	85,683
Lote 6	Be One Campolongo SL	23,5	4,369	12	39,869
Lote 7	Academia Trinidad SL (Big Formación)	23,5	0	12	35,5
Lote 8	Magnafor Qualitas SL	34,5	37,772	12	84,272
Lote 9	G12 Grupo empresarial de servicios SL	34	49	12	95
Lote 10	G12 Grupo empresarial de servicios SL	34	49	12	95
Lote 12	Moba Skill Training SL	34	49	12	95
Lote 13	G12 Grupo empresarial de servicios SL	34	48,739	12	94,739
	Centros agrupados de formación empresarial SL	23	22,76	12	57,76
	Formacomer Gadicom SL	25,5	49	12	86,5

A Mesa de Contratación acorda:

1. Propor ó órgano de contratación, declarar desertos os lotes nº 2 e nº 11 ao non terse presentado ningunha empresa interesada na adxudicación deste lotes.
2. Excluir do procedemento as ofertas presentadas polas empresas CENTRO FORMACIÓN ICA S.L., nos lotes 3, 4, 9, 10 e 13 e EUROTÉC INSPECCIÓN S.L.U., no lote 12 ao non acadar un mínimo do 50% da puntuación máxima asignable en función dos criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor (sobre B).
3. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas os diferentes lotes do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de impartición de itinerarios formativos que inclúen formación correspondente a obtención de certificados de profesionalidade (3ª convocatoria) no marco do proxecto Labora 2020. que queda da seguinte forma:

Lotes	Clasificación	Empresas	Puntuación total
Lote 1	1ª	Profesionais da innovación, xestión empresarial e formación SL	36,29
Lote 3	1ª	G12 Grupo empresarial de servicios SL	95,00
	2ª	Fundación Laboral de la Construcción	39,25



Lote 4	1ª	G12 Grupo empresarial de servicios SL	95,00
Lote 5	1ª	Magnafor Qualitas SL	85,68
Lote 6	1ª	Be One Campolongo SL	39,87
Lote 7	1ª	Academia Trinidad SL (Big Formación)	35,50
Lote 8	1ª	Magnafor Qualitas SL	84,27
Lote 9	1ª	G12 Grupo empresarial de servicios SL	95,00
Lote 10	1ª	G12 Grupo empresarial de servicios SL	95,00
Lote 12	1ª	Moba Skill Training SL	95,00
Lote 13	1ª	G12 Grupo empresarial de servicios SL	94,74
	2ª	Formacomer Gadicom SL	86,50
	3ª	Centros agrupados de formación empresarial SL	57,76

4. Propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de impartición de itinerarios formativos que inclúen formación correspondente a obtención de certificados de profesionalidade (3ª convocatoria) no marco do proxecto Labora 2020 ás seguintes empresas:

Lotes	Empresas
Lote 1	Profesionais da innovación, xestión empresarial e formación SL
Lote 3	G12 Grupo empresarial de servicios SL
Lote 4	G12 Grupo empresarial de servicios SL
Lote 5	Magnafor Qualitas SL
Lote 6	Be One Campolongo SL
Lote 7	Academia Trinidad SL (Big Formación)
Lote 8	Magnafor Qualitas SL
Lote 9	G12 Grupo empresarial de servicios SL
Lote 10	G12 Grupo empresarial de servicios SL
Lote 12	Moba Skill Training SL
Lote 13	G12 Grupo empresarial de servicios SL

5. Apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión do Castelo de Sobroso. (Expte.- 2021036804).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 24 de xaneiro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do *servizo de xestión do Castelo de Sobroso*. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no



Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 24 de xaneiro de 2022. Na mesma data publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), para proceder á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- ESPIRAL XESTION CULTURAL S.L. (B-94054954)
- GALIPAT SERVIZOS CULTURAI S.L. (B-70381074)

6. *Apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión do Castelo de Sobroso. (Expte.- 2021036804).*

A Mesa de Contratación na reunión do día 10 de febreiro de 2022 procedeu a apertura do sobre “A”, correspondente a documentación administrativa, sendo as empresas admitidas as seguintes:

- ESPIRAL XESTION CULTURAL S.L. (B-94054954)
- GALIPAT SERVIZOS CULTURAI S.L. (B-70381074)



O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e procede á descrición e descarga da documentación do sobre “B” correspondente aos criterios da avaliación mediante xuízos de valor presentada polas empresas presentadas e admitidas neste procedemento aberto.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación, acorda trasladar a documentación descargada do sobre “B”, ós técnicos do Servizo de Turismo “Rías Baixas”, para que avalíen e ponderen as propostas técnicas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

7. Apertura electrónica dos sobres “A”, correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión do programa “Depotermal 2022”. (Expte.- 2021043124).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 23 de decembro 2021, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa “Depotermal 2022”.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE con data 24/01//2022 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 24/01/2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e a continuación procédese á descrición



e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda admitir ás seguintes empresas:

- VIAJES EL CORTE INGLÉS. (A-28.229.813) (Lote nº 1 e lote nº 2).
- HALCÓN VIAJES S.A. (A-10.005.510) (Lote nº 1 e lote nº 2).
- NAUTALIA VIAJES S.L. (B-86.049.137) (Lote nº 1 e lote nº 2).

8. Apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión do programa “Depotermal 2022”. (Expte.- 2021043124).

A Mesa de Contratación na reunión do día 10 de febreiro de 2022 procedeu a efectuar a apertura dos sobres A correspondentes a documentación administrativa presentada polas empresas admitidas no procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de xestión do programa “Depotermal 2022” e que foron as seguintes:

VIAJES EL CORTE INGLÉS S.A. (lote nº 1 e lote nº 2)

HALCÓN VIAJES S.A. (lote nº 1 e lote nº 2)

NAUTALIA VIAJES SL. (lote nº 1 e lote nº 2)

O Secretario da Mesa accede a plataforma de licitación electrónica Vortal mediante a súa clave personal, quedando garantidas todas as súas actuacións, mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e procede a descriptación e descarga da documentación dos sobres “B” presentada polas empresas admitidas no citado procedemento aberto e que correspondente a documentación avaliable mediante criterios de valoración automática,

O valores ofertados foron os seguintes:

VIAJES EL CORTE INGLÉS S.A.

Lote nº 1 Programa de asistencia diaria

1.- PRECIO unitario ofertado por persoa participante no Programa de asistencia diaria, CATEGORÍA e INCREMENTO do número de establecementos:

NOME DO ESTABLECEMENTO	Categoría do establecemento (3 ou 4 estrelas)	PREZO UNITARIO POR PERSOA
------------------------	---	---------------------------



1	SPA NORAT TORRE DO DEZA (Lalín)	4 ESTRELAS	124€
2	SPA NORAT MARINA O GROVE	4 ESTRELAS	124€
3	EUROSTARS ISLA DE LA TOJA	4 ESTRELAS	121€
4	TERMAS DE CUNTIS	4 ESTRELAS	121€
5	BALNEARIO DE MONDARIZ	4 ESTRELAS	121€
6	SPA GALATEA PORTONOVO	4 ESTRELAS	100€
7	SPA CARLOS I SANXENXO	4 ESTRELAS	99€
8	SPA NUEVO ASTUR SANXENXO	3 ESTRELAS	99€

2.- Promoción e difusión do programa:

Trípticos Informativos	Sinalar cun X
1000	X
Anuncios prensa de ámbito provincial	
10	x
Cuñas de radio de emisoras de ámbito provincial	
100	x

3.-Antigüidade media dos autobuses propostos para a execución do programa

Ata tres anos de antigüidade	x
------------------------------	---

4.- Servizo dun refrixerio durante as viaxes ás persoas participantes

	SI	NON
A empresa oferta un refrixerio	x	

5.- Saídas por cada estadía a maiores das dúas esixidas: Non.

6.- Aumento do número de guías oficiais por quenda e establecemento respecto do mínimo esixido.

	SI	NON
A empresa oferta 2 guías por quenda e establecemento		x

7.- Oferta dunha póliza de asistencia en viaxe para a persoas asistentes ao programa coas coberturas mínimas que se detallan a continuación:

Coberturas mínimas:

-Gastos médicos ou quirúrxicos por enfermidade ou accidente. Sen límite en centros concertados da aseguradora, cun límite de 1800 euros en centros de libre elección.



- Gastos odontolóxicos e urxencia: mínimo 30 euros.
- Transporte sanitario de persoas feridas e enfermas: incluído.
- Desprazamentos de acompañantes en caso de hospitalización da persoa asegurada por un período superior a 5 días.
- Aloxamento de acompañantes en caso de hospitalización da persoa asegurada por un período superior a 5 días.
- Servizo 24 horas: incluído
- Traslado da persoa asegurada falecida: incluído.
- Prestación en caso de falecemento e incapacidade derivada de accidente: capital mínimo 1.500 euros.

	SI	NON
A empresa oferta a póliza coas coberturas indicadas	X	

Lote nº 2 Programa con Pernoita

1.- PRECIO unitario ofertado por persoa participante no Programa de pernoita, CATEGORÍA e INCREMENTO do número de establecementos:

	NOME DO ESTABLECEMENTO	Categoría do establecemento (3 ou 4 estrelas)	PREZO UNITARIO POR PERSOA
1	GRAN HOTEL TALASO SANXENXO	4 ESTRELAS	328 €
2	SPA CARLOS I SILGAR SANXENXO	4 ESTRELAS	323 €
3	BALNEARIO TERMAS CUNTIS HOTEL CASTRO	4 ESTRELAS	315 €
4	SPA NORAT TORRE DO DEZA LALIN	4 ESTRELAS	311 €
5	SPA GALATEA PORTONOVO	4 ESTRELAS	298 €
6	SPA NANIN PLAYA SANXENXO	3 ESTRELAS	283 €
7	NUEVO ASTUR SPA SANXENXO	3 ESTRELLAS	230 €

2.- Promoción e difusión do programa:

Trípticos Informativos	Sinalar cun X
2000	X
Anuncios prensa de ámbito provincial	
10	X
Cuñas de radio en emisoras de ámbito provincial	
100	X

3.-Antigüidade media dos autobuses propostos para a execución do programa

Ata tres anos de antigüidade	X
------------------------------	---

4.- Servizo dun refrixerio durante as viaxes ás persoas participantes

	SI	NON
--	----	-----



A empresa oferta un refrixerio	X	
--------------------------------	---	--

5.- Actividades complementarias no programa de pernoita a maiores das dúas esixidas:

Cinco actividades	X
-------------------	---

6.-Oferta de tratamentos gratuitos no programa de pernoita.

Oferta de 2 tratamentos	X
-------------------------	---

7.- Aumento do número de guías oficiais por quenda e establecemento respecto do mínimo esixido.

	SI	NON
A empresa oferta 2 guías por quenda e establecemento	X	

8.- Oferta dunha póliza de asistencia en viaxe para a persoas asistentes ao programa coas coberturas mínimas que se detallan a continuación:

Coberturas mínimas:

- Gastos médicos ou quirúrxicos por enfermidade ou accidente. Sen límite en centros concertados da aseguradora, cun límite de 1800 euros en centros de libre elección.
- Gastos odontolóxicos e urxencia: mínimo 30 euros.
- Transporte sanitario de persoas feridas e enfermas: incluído.
- Desprazamentos de acompañantes en caso de hospitalización da persoa asegurada por un período superior a 5 días.
- Aloxamento de acompañantes en caso de hospitalización da persoa asegurada por un período superior a 5 días.
- Servizo 24 horas: incluído
- Traslado da persoa asegurada falecida: incluído.
- Prestación en caso de falecemento e incapacidade derivada de accidente: capital mínimo 1.500 euros.

	SI	NON
A empresa oferta a póliza coas coberturas indicadas	X	

VIAJES HALCÓN S.A.U.

Lote nº 1 Programa de asistencia diaria

1.- **PRECIO** unitario ofertado por persoa participante no Programa de asistencia diaria, **CATEGORÍA** e **INCREMENTO** do número de establecementos:



	NOME DO ESTABLECEMENTO	Categoría do establecemento (3 ou 4 estrelas)	PREZO UNITARIO POR PERSOA
1	Palacio del Agua Mondariz	4****	130 €
2	Balneario Termas de Cuntis	4****	130 €
3	Spa Via Argentum	4****	99 €
4	Spa Hotel Galatea	4****	99 €
5	Spa Nuevo Astur	3***	99 €

2.- Promoción e difusión do programa:

Trípticos Informativos	Sinalar cun X
1000	X
Anuncios prensa de ámbito provincial	
10	X
Cuñas de radio de emisoras de ámbito provincial	
100	X

3.-Antigüidade media dos autobuses propostos para a execución do programa

Ata tres anos de antigüidade	X
------------------------------	---

4.- Servizo dun refrixerio durante as viaxes ás persoas participantes

	SI	NON
A empresa oferta un refrixerio	X	

5.- Saídas por cada estadía a maiores das dúas esixidas:

Quinta saída X

6.- Aumento do número de guías oficiais por quenda e establecemento respecto do mínimo esixido.

	SI	NON
A empresa oferta 2 guías por quenda e establecemento	X	

7.- Oferta dunha póliza de asistencia en viaxe para a persoas asistentes ao programa coas coberturas mínimas que se detallan a continuación:

Coberturas mínimas:

-Gastos médicos ou quirúrxicos por enfermidade ou accidente. Sen límite en centros concertados da aseguradora, cun límite de 1800 euros en centros de libre elección.



- Gastos odontolóxicos e urxencia: mínimo 30 euros.
- Transporte sanitario de persoas feridas e enfermas: incluído.
- Desprazamentos de acompañantes en caso de hospitalización da persoa asegurada por un período superior a 5 días.
- Aloxamento de acompañantes en caso de hospitalización da persoa asegurada por un período superior a 5 días.
- Servizo 24 horas: incluído
- Traslado da persoa asegurada falecida: incluído.
- Prestación en caso de falecemento e incapacidade derivada de accidente: capital mínimo 1.500 euros.

	SI	NON
A empresa oferta a póliza coas coberturas indicadas	X	

Lote nº 2 Programa con Pernoita

1.- PRECIO unitario ofertado por persoa participante no Programa de pernoita, CATEGORÍA e INCREMENTO do número de establecementos:

	NOME DO ESTABLECEMENTO	Categoría do establecemento (3 ou 4 estrelas)	PREZO UNITARIO POR PERSOA
1	Gran Talaso Hotel Sanxenxo	4 **** sup	335 €
2	Hotel Carlos I Silgar	4 **** sup	330 €
3	Hotel Balneario de Mondariz	4 **** sup	328 €
4	Hotel Spa Norat Torre do Deza	4 **** sup	305 €
5	Hotel Galatea	4****	300 €
6	Hotel Nuevo Astur	3***	255 €
7	Hotel Spa Nanin Playa	3***	280 €
8	Hotel Spa Bosque Mar	3***	280 €

2.- Promoción e difusión do programa:

Tripticos informativos	Sinalar cun X
2000	X
Anuncios en prensa ámbito provincial	
10	X
Cuñas de radio en emisoras de ámbito provincial	
100	X

3.-Antigüidade media dos autobuses propostos para a execución do programa



Ata tres anos de antigüidade	X
------------------------------	---

4.- Servizo dun refrixerio durante as viaxes ás persoas participantes

	SI	NON
A empresa oferta un refrixerio	X	

5.- Actividades complementarias no programa de pernoita a maiores das dúas esixidas:

Cinco actividades	X
-------------------	---

6.-Oferta de tratamentos gratuitos no programa de pernoita.

Oferta de 2 tratamentos	X
-------------------------	---

7.- Aumento do número de guías oficiais por quenda e establecemento respecto do mínimo esixido.

	SI	NON
A empresa oferta 2 guías por quenda e establecemento	X	

8.- Oferta dunha póliza de asistencia en viaxe para a persoas asistentes ao programa coas coberturas mínimas que se detallan a continuación:

Coberturas mínimas:

- Gastos médicos ou quirúrxicos por enfermidade ou accidente. Sen límite en centros concertados da aseguradora, cun límite de 1800 euros en centros de libre elección.
- Gastos odontolóxicos e urxencia: mínimo 30 euros.
- Transporte sanitario de persoas feridas e enfermas: incluído.
- Desprazamentos de acompañantes en caso de hospitalización da persoa asegurada por un período superior a 5 días.
- Aloxamento de acompañantes en caso de hospitalización da persoa asegurada por un período superior a 5 días.
- Servizo 24 horas: incluído
- Traslado da persoa asegurada falecida: incluído.
- Prestación en caso de falecemento e incapacidade derivada de accidente: capital mínimo 1.500 euros.

	SI	NON
A empresa oferta a póliza coas coberturas indicadas	X	

NAUTALIA VIAJES S.L.



Lote nº1 Programa de asistencia diaria

1. Precios unitario ofertado por persona participante en el programa de asistencia diaria, CATEGORIA e INCREMENTO del número de Establecimientos:

	Nombre del establecimiento	Categoría del establecimiento (3 ó 4 estrellas)	Precio unitario por persona
1	TERMAS CUNTIS – HOTEL CASTRO	4*	129 €
2	SPA HOTEL GALATEA	4*	119 €
3	NUEVO ASTUR & SPA	3* SUPERIOR	119 €
4	EUROSTARS ISLA DE LA TOJA	4*	129 €
5	BALNEARIO DE MONDARIZ	4*	129 €

2.- Promoción e difusión do programa:

Trípticos Informativos	Sinalar cun X
1000	X
Anuncios prensa Local	
10	X
Cuñas de radio	
100	X

3.-Antigüidade media dos autobuses propostos para a execución do programa

Ata tres anos de antigüidade	X
------------------------------	----------

4.- Actividades complementarias no programa de pernoita a maiores das dúas esixidas:

Cinco actividades	x
-------------------	----------

5.- Oferta de tratamentos gratuitos no programa de pernoita.

Oferta de 2 tratamentos	X
-------------------------	----------

6.- Aumento do número de guías oficiais por quenda e establecemento respecto do mínimo esixido.

	SI	NON
A empresa oferta 2 guías por quenda e establecemento	X	

7.- Oferta dunha póliza de asistencia en viaxe para a persoas asistentes ao programa coas coberturas mínimas que se detallan a continuación:



Coberturas mínimas:

- Gastos médicos ou quirúrxicos por enfermidade ou accidente. Sen límite en centros concertados da aseguradora, cun límite de 1800 euros en centros de libre elección.
- Gastos odontolóxicos e urxencia: mínimo 30 euros.
- Transporte sanitario de persoas feridas e enfermas: incluído.
- Desprazamentos de acompañantes en caso de hospitalización da persoa asegurada por un período superior a 5 días.
- Aloxamento de acompañantes en caso de hospitalización da persoa asegurada por un período superior a 5 días.
- Servizo 24 horas: incluído
- Traslado da persoa asegurada falecida: incluído.
- Prestación en caso de falecemento e incapacidade derivada de accidente: capital mínimo 1.500.000 euros.

	SI	NON
A empresa oferta a póliza coas coberturas indicadas	X	

Lote Nº 2: Programa con pernocta

1.- PRECIO unitario ofertado por persoa participante en el programa de pernocta, CATEGORIA e INCREMENTO del número de establecimientos:

	Nombre del establecimiento	Categoría del establecimiento (3 ó 4 estrelas)	Precio unitario por persoa
1	BALNEARIO DE MONDARIZ	4*	345 €
2	GRAN TALASO HOTEL SANXENXO	4*	339 €
3	TALASO LOUXO	4*	345 €
4	CARLOS I SILGAR	4*	335 €
5	TERMAS CUNTIS – HOTEL CASTRO	4*	325 €
6	SPA NANIN PLAYA	3*	298 €
7	SPA HOTEL GALATEA	4*	305 €
8	NUEVO ASTUR & SPA	3* SUPERIOR	285 €

2.- Promoción e difusión do programa:

Trípticos Informativos	Sinalar cun X
1000	x
Anuncios prensa Local	
10	x
Cuñas de radio	
100	x

3.-Antigüidade media dos autobuses propostos para a execución do programa

Ata tres anos de antigüidade	x
------------------------------	----------



4.- Actividades complementarias no programa de pernoita a maiores das dúas esixidas:

Cinco actividades	<input checked="" type="checkbox"/>
-------------------	-------------------------------------

5.-Oferta de tratamentos gratuitos no programa de pernoita.

Oferta de 2 tratamentos	<input checked="" type="checkbox"/>
-------------------------	-------------------------------------

6.- Aumento do número de guías oficiais por quenda e establecemento respecto do mínimo esixido.

	SI	NON
A empresa oferta 2 guías por quenda e establecemento	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

7.- Oferta dunha póliza de asistencia en viaxe para a persoas asistentes ao programa coas coberturas mínimas que se detallan a continuación:

Coberturas mínimas:

- Gastos médicos ou quirúrxicos por enfermidade ou accidente. Sen límite en centros concertados da aseguradora, cun límite de 1800 euros en centros de libre elección.
- Gastos odontolóxicos e urxencia: mínimo 30 euros.
- Transporte sanitario de persoas feridas e enfermas: incluído.
- Desprazamentos de acompañantes en caso de hospitalización da persoa asegurada por un período superior a 5 días.
- Aloxamento de acompañantes en caso de hospitalización da persoa asegurada por un período superior a 5 días.
- Servizo 24 horas: incluído
- Traslado da persoa asegurada falecida: incluído.
- Prestación en caso de falecemento e incapacidade derivada de accidente: capital mínimo 1.500.000 euros.

	SI	NON
A empresa oferta a póliza coas coberturas indicadas	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

A Mesa de Contratación acorda facultar ao secretario para que, de resultar ofertas incursas en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e corenta e dous minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

